

CANDO A TECNOLOXÍA CHAMA Á TÚA PORTA

Capacitación dixital



A UTOPIA DE MATAR A SOIDADE A TRAVÉS DAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS

Desde os Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Bergondo apostan pola **potencialidade da tecnoloxía dixital** para mellorar a comunicación e relación de persoas ou grupos vulnerables en situación de illamento social. Ao longo destes meses están a desenvolver un **plan de capacitación tecnolóxica** que ten como obxectivo formar e capacitar dixitalmente á comunidade bergondesa atendendo de forma específica ás persoas que sufran ou poidan sufrir as consecuencias da fenda dixital.

Un grupo de **20 persoas**, formado polas **educadoras dos Servizos Sociais** e parte do **equipo de voluntariado municipal**, traballan arreo para aprender a manexar todo tipo de ferramentas innovadoras de comunicación e dinamización que as tecnoloxías dixitais poñen ao noso dispor. Buscan desta forma **mellorar a súa acción profesional** e por suposto tamén as accións de voluntariado social.

Desta forma pretenden nos próximos meses desenvolver contornas tecnolóxicas 'amigables', que **non illeen** do mundo e que axuden a superar a soidade.

A pandemia da Covid-19 que estamos a padecer puxo sobre a palestra problemas e déficits da nosa sociedade.

As restriccións de contacto e movemento que estamos a vivir sacan á boia un dos grandes males do noso tempo: a **soidade non desexada**.

Videoconferencias grupais dinamizadas, bingo ou trivial online, visitas virtuais, realidade aumentada, música en directo, as redes sociais de comunicación, videochamadas, un concurso de Tik Tok, app's para mellorar a saúde, fomento da cultura e un longo etc. son posibles aplicacións das **TIC** (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) en aras de facilitar e achegar o dixital á veciñanza.

Contamos nesta edición de maio coa colaboración de varias persoas protagonistas deste proceso de **transformación da acción social comunitaria**. Marisa Vázquez e Serezabel Rodríguez, educadoras dos Servizos Sociais Comunitarios de Bergondo, lideran este proxecto co asesoramento de Verónica Ramallal.

Carmen García, Samantha Carballo, Marta Pascual, Elena Pazos, Mariona Abelleira e Cruz Fernández son algunhas das persoas voluntarias que se sumaron a este proxecto e que comparten con nós nestas páxinas as súas **reflexións e experiencias**.



CANDO HAI CAMBIOS, HAI QUE ATENDELOS

DE PROFESIONAIS ANALÓXICAS A "NATIVAS" DIXITAIS

... Máquinas de escribir, papel autocopiable, cartas por correo, carpetas cargadas con documentos impresos, teléfonos analóxicos... Despois cambiamos a fax, ordenador e correo electrónico. Cambiamos de novo: aparece internet e o dixital e a vida muda, chega a **administración electrónica** e todo se fai na rede. Despois a pandemia ... e mesmo o traballo máis social e humano ten que ser na distancia e a través do dixital.

E isto non ten retorno, estamos ante unha **revolución**: videoconferencias en tempo real, teletraballo, milleiros de aplicacións que axudan a estar en comunicación, entornos dixitais e virtuais que comparados coa máquina de escribir coa que empezamos, máis semella que isto é o escenario dun guión de Spielberg e non un departamento de Servizos Sociais.

Así que as profesionais tivemos que facer un grande esforzo de adaptación á era moderna e dixital. Con todo, é a nosa obriga... **cando hai cambios, o noso deber é atendelos** e actuar en consecuencia.

Desta forma, Marisa Vázquez e Serezabel Rodríguez, educadoras dos Servizos Sociais, atendemos a chamada da tecnoloxía á porta da oficina e así nolas inxeniamos para facermos fronte a este proceso de cambio e de transformación en relación ao noso traballo coa comunidade.

Este proxecto de humanización dixital xorde como consecuencia dalgunhas das reflexións derivadas da experiencia que vivimos durante o confinamento e posteriormente coa desescalada, o que supuxo unha **inflexión na nosa forma de traballar**, acostumadas a un contacto presencial e próximo coas persoas, nos estaban a impoñer a distancia social. Como educadoras **tivémonos que reinventar**.

E pensamos... se nós tiñamos este tipo de dificultades... como estarían as persoas que normalmente atendíamos desde os servizos sociais? En concreto preocupábanos moito posibles **situacións de illamento social**, pola gran dispersión poboacional e polo alto porcentaxe de persoas maiores no noso concello; persoas en situación de dependencia, familias con nenos ou nenas que non podían seguir as clases virtuais do cole, as persoas con diversidade funcional, etc.

Ante este panorama, entedemos que a tecnoloxía pode ser unha ferramenta que **ben utilizada**, axudar a **paliar certas situacións** de soidade ou illamento derivadas da crise social dos coidados e por suposto, máis aínda en tempos de pandemia.

Pero ollo... o reto está en **superar a fenda dixital**, non toda a comunidade bergondesa pode acceder a internet ou non dispón duns coñecementos ou habilidades mínimos para facer un uso axeitado dela.

Resulta preciso neste contexto a garantía dunha política activa por parte das autoridades políticas. En Bergondo apostase politicamente pola modernización dixital realizando importantes investimentos (adquisición de dispositivos de conexión a internet, tablets, webcams, asesoramento e formación dirixida ao persoal municipal e á cidadanía etc.)

Do mesmo xeito, como profesionais dos servizos sociais debemos intentar acabar ou **reducir as desigualdades sociais** existentes neste sentido, por ese motivo intentamos capacitar dixitalmente a diversos axentes sociais para que estes á súa vez o trasladen aos grupos máis vulnerables da nosa comunidade.

Tendo en conta que capacitar dixitalmente non consiste unicamente en aprender a controlar a tecnoloxía, ou ter coñecemento sobre o uso das ferramentas dixitais, significa **humanizar, dar capacidade, empoderar** á xente a través da tecnoloxía para que se relacione.

Agora ben, é certo que a tecnoloxía é unha moi boa ferramenta de traballo, que nestes momentos ademais nos axuda a chegar ás persoas, porén **non poderá nunca substituír** a presencialidade e a proximidade, a calor humana da relación máis directa. Salvando as distancias, nós comparámo-lo coas diferencias entre asistir a un concerto en directo ou escoitar música gravada, aínda que sexa con "double surround e sonido envolvente".

QUE NOS PASA E QUE VAI PASAR?

POR VERÓNICA RAMALLAL TREVÍN, CEO DE PEKECHA

Sen dúbida estamos a vivir uns momentos tremendamente incertos, desafiante e convulsos que nos obrigaron a nivel mundial e sen ningún tipo de diferenzas a **modificar de forma rápida** e abrupta os nosos hábitos e rutinas. As restricións de circulación, a cancelación de eventos, a modificación das rutinas de traballo, consumo, socialización... fixeron que a famosa transformación dixital se vise acelerada dunha forma que era totalmente impensable hai pouco máis de un ano.

Aínda que é certo que o tecido empresarial xa tiña unha clara tendencia e orientaba os seus pasos cara a ela; unha parte importante da **cidadanía aínda estaba lonxe** de incluíla nas súas rutinas diarias. Isto cambiou de forma radical neste último ano.

Con todo, é importante destacar que puxo tamén de manifesto as **grandes desigualdades** en canto ao seu uso e manexo tanto por franxas de idades como por áreas xeográficas. Durante este tempo a tecnoloxía axudounos enormemente neste cambio permitíndonos mantermos informados, facer compras en liña, dar continuidade ás nosas obrigas laborais, seguir asistindo a clase de forma virtual, mantendo o contacto cos nosos seres queridos... e super importante tamén ofrecéndonos ocio e entretemento (series, concertos en liña, libros en liña...).

Sen dúbida simplificounos a vida, **abriu unha xanela** inmensa ao mundo, permitiunos sentirnos menos sós e permitiu que o mundo non se parase por completo.



As perspectivas apuntan totalmente a que esta tendencia chegou para quedar, aínda que é certo que para un uso correcto, para poder sacarles todo o partido e **non convertermos en escravos** delas, quedanos moito camiño por percorrer.

Creo que como sociedade axudaránnos a crecer e evolucionar máis rápido, simplificaránnos a vida, poñeránnos na palma da man opcións e oportunidades impensables hai 20 anos... pero tamén corremos o risco de acabar atrapados por elas.

Neste sentido resulta fundamental traballar moito máis sobre a **formación e a concienciación** da cidadanía independentemente do colectivo, idade.... É máis, creo que desde as idades máis temperás deberíamos incluír dentro do noso sistema educativo a educación dixital como unha materia máis.

Por último, faría falta un maior investimento e esforzos por parte das administracións neste proceso de transformación dixital para **evitar a exclusión** e permitir a igualdade de oportunidades no acceso ás tecnoloxías.

AXENTES DE CAMBIO

*Algunhas das persoas que están a participar no proceso de **capacitación tecnolóxica***



CARMEN GARCÍA

Esta formación é parte do noso Plan de acción para tempos de pandemia. A capacitación tecnolóxica é unha das necesidades que se detectaron para adaptarnos á nova normalidade. A pandemia trouxo cambios e hai que **adaptarse** para continuar servindo á veciñanza. Por exemplo, agora traballamos no acompañamento telefónico, o contacto é por chamada de teléfono. Pero, nun futuro pódese converter en videochamada, incluso en grupo.

Formarse en tecnoloxías, no meu caso que son nativa analóxica (non dixital) considero que é importante. Pero, o tema non é “formarse por formarse”, para min é unha oportunidade para poder servir mellor ao noso pobo. Canto máis preparadas e preparados mellor. Temos un gran equipo, de seguro sairemos reforzados desta formación. Para min é moi importante que o equipo saia **máis preparado**, más reforzado e máis unido tras esta formación.

En realidade estamos a falar dunha **transformación social a través das ferramentas dixitais**. Este cambio tiña que chegar de todas maneiras, a pandemia acelerou as cousas e fixo que eses cambios chegaran antes. Sempre unha crise leva asociadas dúas cousas: **cambio e oportunidade**. Xa estamos nun mundo novo. Eu son positiva, un cambio sempre é un reto. E os retos poden ser apaixoantes. Servizo é servizo, iso no fondo non cambia. Aínda que a min gústame moito o contacto de preto, pel con pel, se unha é próxima non deixa de selo.

Aínda que agora estou vivindo e traballando fóra de Galicia, regreso este ano, e a pesares de querer mudar a miña carreira profesional (animación sociocultural) quería que dalgún modo a formación que teño continuara presente na miña vida e resultara **útil tanto para min como para outros** a ser posible, sobre todo, nesta situación que estamos a vivir a nivel mundial.

Eu dedico unhas unhas 5-6 horas semanais a este proxecto, é claramente **posible conciliar** coa vida familiar ou laboral pois cada unha e cada un dedica o tempo que quere e pode, e aínda que agora mesmo non colaboro en nada máis que a formación sei que haberá alturas onde poderei estar mais presente e outras que menos en función do tempo que eu teña e o que o voluntariado necesite de min.

Basicamente se trata de aprender a converter ferramentas online, tanto as que coñezo como outras novas que poderán aparecer, en **motores de cambio e de cohesión da comunidade**. Encántame ver a tantas personas dispostas a crear unha comunidade que continúe unida aínda nestes tempos inestables de confinamentos, toques de queda e distancia física.

A tecnoloxía está no noso día a día, forma parte das nosas rutinas, e isto é algo que só seguirá aumentando. As nosas vidas: traballos, estudos, hobbies e a nosa maneira de relacionarnos con outras persoas están a mudar ó tempo que aparecen novas máquinas, softwares e invencións varias, e da mesma maneira, os programas de voluntariado e as accións sociais deben estar á **par destes cambios**. Así que asumo está acción como un paso natural e necesario de adaptación, algo que os humanos inevitablemente facemos sexa onde sexa.

SAMANTHA CARBALLO



MARTA PASCUAL



A verdade é que sei moi poucas cousas de informática, pero as **ganas de aprender** son tantas que non me importa partir "case" de cero. Necesitaba esta formación, en primeiro lugar, para estar á altura do que eu como voluntaria podo facer e a nivel persoal, sempre é bo aprender.

A formación está a ser moi interesante, o certo é que levamos so un par de sesións e non teño o coñecemento suficiente, pero o pouco que aprendín paréceme **apaixonante**. Eu non tiña ningunha expectativa especial, non sabía o que aprenderíamos, pensaba que nos conectaríamos a algún programa determinado, pero conectarnos 20 persoas e vernos e cada un de nós na nosa casa, é **sorprendente**... e aínda non aprendemos todo o que nos teñen preparado.

Cando me apuntei como voluntaria dos Servizos Sociais non podía imaxinar que acabaría formándome neste campo, así que cando esta formación termine seguirei colaborando cos Servizos Sociais e con máis motivo que agora, espero poñer en práctica o aprendido con quen o precise e requira da nosa pequena experiencia, o **poder ensinar a outros será unha forma de seguir aprendendo**, hoxe o dixital imponse e é necesario estar ao día.

Con isto da capacitación dixital, a verdade é que non sabía moi ben onde me estaba a meter, porén estase a abrir un mundo ao que me parece que lle imos sacar moito xogo, xa que se trata de relacionarnos e iso paréceme fundamental. Como voluntaria e dadas as circunstancias, opino que é necesario chegar dalgunha maneira á nosa veciñanza e creo que isto nos fará mais próximos e poderemos **actuar mellor**.

Esta formación permitirános relacionarnos cos nosos veciños, moitos deles viven en soidade e así os dotaremos de aparellos que lles permitan saír do seu illamento, abrirse ao mundo. nunha palabra permitirálles relacionarse. Ensinarémoslles como funcionan as tecnoloxías, ensinarémoslles que **distancia é sinónimo de proximidade**, de poder ver aos seus, de charlar con quen queiran, ensinarémoslles que se pode tomar un café no salón do veciño sen saír de casa.

Eu persoalmente, sei ler e mandar un correo, acceder a redes sociais como Facebook, IG, manexar algún programa de deseño e estou a estudar e aprendendo a distancia; con todo estou a aprender que estea onde estea podo comunicarme con calquera, independentemente de onde vivamos, da igual se vives na China ou nos EE.UU., podo acceder a ver ás persoas e charlar con elas, algo **impensable hai tempo**.

ELENA PAZOS



Sinceramente, **descoñecía a existencia dun proxecto de voluntariado neste Concello**. Cando me anotei para a formación foi cando me enterei deste proxecto. Encantoume a idea de poder colaborar axudando e fomando no mundo dixital ou noutro.

Anoteime porque me pareceu un proxecto moi **enriquecedor**. Podería coñecer máis xente do Concello á vez que formarme noutros instrumentos dixitais que eu descoñecía. A maiores e sobre todo, formar parte dun equipo axudando e colaborando cos usuarios dos Servicios Sociais.

O meu mundo laboral está directamente relacionado coas tecnoloxías dixitais polo que xa teño moitas ferramentas das que estamos a traballar, porén estou recordando e aprendendo cousas que descoñecía. O que máis me gusta e que estou **aprendendo a ver as dificultades** que teñen algunhas persoas, por diferentes circunstancias sociais e a necesidade que me crea de axudar e colaborar para facilitarlles esa aprendizaxe.

Unha vez que remate a formación **vou colaborar como voluntaria** na posta en marcha dun proxecto de dixitalización comunitaria, trasladaremos todos estes coñecementos a outras persoas do noso Concello que o precisen. Estaremos preparadas e preparados para empregar todas as ferramentas aprendidas para acadalo.

MARIONA ABELLEIRA



CRUZ FERNÁNDEZ



Anoteime a esta formación porque me parece que as persoas voluntarias poderíamos aprender así ferramentas moi útiles para desenvolver a nosa labouira con **mellor calidade e proximidade** dado este contexto sanitario.

Non é preciso dedicarlle moito tempo a este proxecto, ate o de agora so estamos en formación os sábados pola mañá. Eu tampouco é que soubese moitas cousas con respecto á tecnoloxía dixital antes de iniciar a formación, algunhas a nivel usuaria, outras nada. Trátase dunha formación asequible para todos os perfís dixitais. Somos 20 persoas e non todas temos nin o mesmo nivel nin a mesma capacidade... pero é posible porque entre nos mesmas xa se **xeraron sinerxias**, os que saben algo máis axudan aos que teñen máis dificultades... así que uns tiramos doutros.

Cando comecei a miña colaboración co proxecto de voluntariado case non había nin internet... e agora... estamos recibindo formación en tecnoloxías...! Os vindeiros meses **replicaremos esta aprendizaxe** con outras persoas... imaxínome ensinando a alguen a conectarse a unha videoconferencia, á muller que chamo por teléfono todas as semanas por exemplo, así podo conseguir que se sinta menos illada da realidade.

O servizo de acompañamento telefónico a persoas maiores verá incrementada a súa atención e calidade con respecto á comunicación grazas a estas tecnoloxías. Certo, estamos a falar dun gran cambio e transición, pero nestes momentos, accións coma estas son moi acaidas, estas ferramentas reforzarán as **accións presenciais**.



Por que esta magnífica tecnoloxía científica, que aforra traballo e nos fai a vida máis doada achéganos tan pouca felicidade? A resposta é esta, simplemente: porque aínda non aprendemos a usala con xeito.

Albert Einstein, 1879–1955



[voluntariado.bergondo](https://www.instagram.com/voluntariado.bergondo)



[@voluntariadobergondo](https://www.facebook.com/@voluntariadobergondo)



voluntariado-bergondo4.webnode.es



Concello de Bergondo
Departamento de Servizos Sociais
Programa de voluntariado municipal
981.791252 ext. 4